

Instrumentos de tecla

1 Identifica estes instrumentos de tecla:

No **PIANO**, instrumento polifónico, cando se preme unha tecla, acciónase un delicado dispositivo que lanza un martelo de feltro sobre a corda facéndoa soar.

Os pianos adoitan ter 88 teclas e dous ou tres pedais.



A **CELESTA** é un metalófono con teclado. Ten a forma dun piano vertical, no que se substitúen as cordas por láminas de metal. Cando baixamos unha tecla, un martelo golpea unha lámina. Un pedal controla os apagadores que frean a vibración.



O **ACORDEÓN** é un instrumento popular composto por dous mecanismos unidos por un fol. Coa man dereita tócase un teclado para interpretar a melodía e, coa esquerda, uns botóns que adoitan facer acordes de acompañamento.

Coñecemento instrumental



O **HARMONIO** é un instrumento de vento con teclado, en aparencia similar ao órgano. Ten lingüetas libres de diferente lonxitude no canto de tubos. Os foles acciónanse cos pés, facendo vibrar as lingüetas.



O **CLAVICÉMBALO** é un instrumento que ten un mecanismo de punteado: as cordas son pinzadas por unha puga ou plectro, que as fai vibrar.